

Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia

Rúa Dublín, n.6, baixo

CP – 15707, Santiago de Compostela

Á ALCALDÍA- PRESIDENCIA DO CONCELLO DE FERROL

Dona Miriam Rodríguez Sierra, maior de idade e con DNI [redacted] en nome e representación do **COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA**, con [redacted] e domicilio na Rúa Dublín, n.6, baixo, CP 15707 de Santiago de Compostela, ante esta alcaldía comparece e DI

Que por medio do presente escrito, vimos a presentar **RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN** fronte ás BASES QUE REXERAN A CONVOCATORIA POR CONCURSO OPOSICIÓN DE VARIAS PRAZAS EN RÉXIME DE INTERINIDADE, en virtude do disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dentro do prazo legal conferido ao efecto e en base aos seguintes

FEITOS

Primeiro.- Por Resolución da Concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi de data 5 de abril de 2022, aprobáronse as Bases reguladoras e a Convocatoria de concurso oposición para a provisión de postos de traballo en réxime de interinidade por execución de Programas de carácter temporal ao abeiro do Plan de Inclusión Social, sendo publicadas no Boletín Oficial a Provincia da Coruña en data 13 de abril de 2022.

Segundo.- A **BASE OITAVA** da Convocatoria, en relación ás prazas de Traballo Social, recolle no seu apartado A.2) como valoración da experiencia profesional na fase de concurso o seguinte: *“Valorarase a posesión de experiencia nos postos relacionados co traballo a desenvolver ata un máximo de 2 puntos. Por traballos realizados en Concellos e Mancomunidades como traballador/a social: 0,20 puntos por mes traballado. Por traballos realizados noutras Administracións como traballador/a social: 0,10 puntos por mes traballado. Por traballos realizados en Entidades de carácter social como traballador/a social: 0,05 puntos por mes traballado”*.

Os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade no acceso á función pública supoñen a necesidade de que exista unha correspondencia ou correlación entre, dunha parte, as aptitudes, coñecementos e experiencias que sexan requiridos ou valorados no proceso selectivo de acceso e, doutra, os cometidos da praza ou posto a cuxo acceso se aspira.

Neste sentido, o artigo 34.2 da Lei 39/2015, de 2 de outubro, de Procedemento Administrativo Común, establece que *“O contido dos actos axustarase ao disposto polo ordenamento xurídico e será determinado e adecuado aos fins de aqueles”*. De aquí deriva un **principio de adecuación entre contido e fin das actuacións administrativas que ten proxección en todo procedemento selectivo**. A expresión do anterior atopámola no apartado e) do artigo 55.2 do Estatuto Básico do Empregado Público *“Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver”* e no mesmo sentido no apartado g) do artigo 49 Lei 2/2015, de 29 de abril da Función Pública de Galicia.

Os criterios selectivos (méritos e probas) conforme declara a xurisprudencia do Tribunal Constitucional (STC 75/1983; 50/1986; 148/1986; 143/1987) *“teñen que facerse en termos xerais e abstractos sen referencias individuais e concretas, evitando calquera preterición ou reserva ad personam, debe gardar directa relación cos criterios de mérito e capacidade e non con outras condicións persoais ou sociais e ter unha xustificación obxectiva e razoable en conexión coas funcións a desempeñar”*.

Resulta doutrina pacífica a afirmación de que non deben valorarse de forma distinta os servizos prestados se son obxectivamente idénticos, segundo a Administración de que se trate, o que determina a nulidade de pleno dereito por conculcar o artigo 23.2 da Constitución (Sentenza do TSX de 24 de outubro de 2002, Rec. 624/1998), criterio que continúa a liña xa establecida pola Sentenza do Tribunal Constitucional 281/1993 que considera inadmisíbel "**diferenciar aos concursantes en función da Administración na que adquirisen determinada experiencia, e non partir da experiencia mesma con independencia do ente público na que se houbera adquirido**".

Así, a valoración debe ser idéntica se os servizos pertencen ao mesmo ámbito funcional e categoría, aínda en distinta Administración, nese sentido destacamos a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía de 7 de decembro de 2002 (Rec. 1225/1999) e a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Canarias de 27 de febreiro de 2003 (Rec. 811/2002).

Aos anteriores feitos, resúltanlle de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO

- I- O acto que se impugna pon fin á vía administrativa podendo ser obxecto de Recurso Potestativo de Reposición.
- II- O órgano competente para resolver é o mesmo órgano que ditou o acto que é a Alcaldía do Concello de Ferrol.
- III- O recurso interponse dentro do prazo legal establecido dun mes.
- IV- O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia goza de lexitimación para interpor este recurso administrativo ao tratarse dunha corporación de dereito público de base privada asociativa que ten recoñecida a defensa dos intereses das e dos profesionais que o integran tal e como recolle o artigo 6 dos seus

Estatutos (Decreto 47/2017, do 27 de abril, polo que se aproban os estatutos e a modificación da denominación do Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais de Galicia por Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia).

Polo o exposto,

SOLICITAMOS, Que tendo por presentado este escrito, sírvase admitilo, e téñase por interposto en tempo e forma **RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN** fronte as Bases que rexerán o proceso selectivo encamiñado á provisión de postos de traballo en réxime de interinidade por execución de Programas de carácter temporal ao abeiro do Plan de Inclusión Social no Concello de Ferrol, ditando no seu día Resolución pola que se declare a NULIDADE do apartado indicado da BASE OITAVA en virtude dos argumentos expresados no corpo do presente escrito.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 20

Asdo: MIRIAM RODRIGUEZ
o día 20/04/22 cun certificado emitido por:
AC Representación